UNIDADE 11:

O TEATRO DESPOIS DA GUERRA CIVIL.

.

RESUMO.

- Coa ditadura de Franco increméntanse os problemas do teatro galego: non é fácil a edición de obras nin a representación delas, salvo as que fan os cadros de declamación dos coros populares, entre elas as zarzuelas.
- Foi importante o teatro feito en Bos Aires.

1. A recuperación dos anos 50.

- Ata a recuperación cultural que iniciou o grupo Galaxia non existiu a vontade, nin a posibilidade de recuperar a dramática galega.
- En 1953 sae ao prelo a edición do *Entremés famoso sobre da pesca do río Miño*, de Gabriel Feixó Araúxo; e mais *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao.
- Na escasa literatura dramática destes anos, podemos diferenciar tres liñas:
  - A liña vangardista de preguerra.
  - A liña do vello teatro rexionalista das Irmandades.
  - A liña da "angustia existencial", coincidente coas correntes de pensamento da posguerra europea.

2. A actividade teatral na década dos 60.

"I Certamen del Miño", celebrado en Lugo en 1960. *A noite vai como un río,* de Álvaro Cunqueiro, gañadora do certame,

"I Concurso Castelao", en 1963, a obra gañadora foi *Cando morren os faroles,* de Ángel de la Peña; na seguinte, *Un hotel de primeira sobre o río,* de Xohana Torres, e na terceira e última, no ano 1965, *A obriga,* de Jeanro Marinhas del Valle.

3. O grupo de enlace.

Podemos incluír neste grupo a: Ramón Otero Pedrayo, Eduardo Blanco-Amor, Xosé Filgueira Valverde, Álvaro Cunqueiro, Jenaro Marinhas del Valle, Ricardo Carvalho Calero, Manuel María, Daniel Cortezón, Xohana Torres, Bernardino Graña, Tomás Barros, Xosé Luís Franco Grande, Xosé Manuel Rodríguez Pampín e Arcadio López Casanova.

- Ramón Otero Pedrayo: 1975 ,*Teatro de máscaras*. Son pezas de Teatro de Arte, como o cocibía Castelao.
- Eduardo Blanco-Amor, 1973: *Farsas para títeres*, 1974: *Teatro pra xente*.
- Álvaro Cunqueiro: *O incerto Señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca,* 1958. *A noite vai coma un río*, 1965.
- Jenaro Marinhas del Valle: *A serpe,* de 1952, *A obriga*, *auto non sacramental*

en tres tempos,1966; *A pequena farsa dos amores desencontrados*, 1968; *Loucura e morte de peregrino* (1972); *O bosque. Situación dramática nun acto cun epílogo e un parengón ao sol* (1977); etc.
- Ricardo Carvalho Calero: 1963, *A farsa das zocas; A árbore, auto en tres escenas e un epílogo-prólogo*, 1965; *O auto do prisioneiro,* 1969 ...
- Daniel Cortezón Ávarez: *Nicolás Flamel* (1966), *Prisciliano* (1970), *Xelmírez ou a groria de Compostela* (1974), *Os Irmandiños* (1978), *Pedro Madruga* (1981), *A diáspora* (1981).
- Manuel María Fernández Teixeiro: *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela* (1979)*, Auto do maio esmaiolado* (1982)*, Unha vez foi o trebón* (1975)*, Abril de lume e ferro* (1976), *A lúa vai encoberta*(1977), *Farsa de Bulubú,* 1973...
- Xohana Torres: *A outra banda do Íberr* (1965) e *Un hotel de primeira sobre o río* (1968).
- Bernardino Graña**:** 1962, *20.000 pesos crime, peza dramática en cinco pasos, Sifarainín contra don Perfeuto* (1975), *Os burros que comen ouro (nunca cabalos serán),* premiada en 1979 no VII Certame Abrente e publicada en 1992.

4. O teatro no exilio:

Dramática da emigración: teatro popular que apela á afectividade e o sentimento:
- Ramón Armada Teixeiro, Ricardo Flores, Varela Buxán...

Dramática do exilio: teatro menos popular, incorpora as técnicas dramáticas máis modernas, apela á razón e ao intelecto:

- Teatro culto: Castelao: *Os vellos non deben de namorarse.* Luís Seoane: *A soldadeira, O irlandés astrólogo, Esquema de farsa.*
- Teatro popular: Eduardo Blanco Amor: *Teatro pra xente.*

A historia da nosa literatura dramática e do noso teatro está directamente relacionada co permanente enfrontamento entre os gardiáns do uniformismo do Estado e os defensores da diversidade; canto maior foi o poder político e administrativo dos primeiros, menos posibilidades de desenvolvemento tiveron as culturas secularmente marxinadas e minoradas. A censura, as prohibicións e as persecucións dos que ousaron disentir constitúen feitos obxectivos e documentados. A evidente relación entre literatura dramática, teatro e política foi e será sempre unha realidade certa.